

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, PARA O FINANCIAMENTO DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO DUNHA NAVE PARA ALMACENAXE PROVISIONAL DE MOBILIARIO PROCEDENTE DO TEATRO CINE-FRAGA E GASTOS ASOCIADOS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Anxo M. Lorenzo Suárez, director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral ten previsto formalizar coa Deputación Provincial de Pontevedra o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos dende a súa sinatura, sen prexuízo da realización dunha ou sucesivas prórrogas por un período adicional total de ata catro anos.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Sentar as bases de colaboración entre as partes asinantes para o financiamento conxunto do contrato de arrendamento dunha nave para almacenaxe provisional de mobiliario e enseres procedentes do Teatro Cine Fraga, co fin de establecer as achegas e compromisos correspondentes a cada unha delas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, e a Deputación Provincial de Pontevedra consideran esencial o establecemento de accións conxuntas que permitan sentar as bases de colaboración para o alugueiro dunha nave para almacenaxe provisional de mobiliario e enseres procedentes do Teatro cine Fraga, a fin de facilitar posibles accións de restauración, así como de movemento das pezas, acordes ao ritmo e ás esixencias de execución da obra, de modo que aquelas se poidan integrar no inmovble no momento en que sexa preciso.,.

Dada a especificidade e exclusividade das actuacións a realizar non é posible promover a concorrência, polas especiais características da entidade coa que se convenia.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

